

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020258	IES Nº 1	A Estrada	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Música	3º ESO	2	70

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	22
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	22
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	23
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	24
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	30
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	30
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	31
9. Outros apartados	31

1. Introducción

A cultura e as expresións artísticas enténdense e serven como reflexo das sociedades pasadas e presentes. A música, como ben cultural, como linguaxe universal e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento de gran valor na vida das persoas. A súa repercusión supera a propia individualidade artística cara a outros campos do coñecemento, pois xa desde a antigüidade se establecen vínculos con outras manifestacións escénicas, como a danza ou o teatro. Na actualidade, estamos en contacto permanente con ela. Ademais, favorece o desenvolvemento integral do ser humano, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

O desenvolvemento tecnolóxico modificou considerablemente os referentes musicais da sociedade grazas á posibilidade dunha escoita simultánea de toda a produción musical mundial a través dos discos, da radio, da televisión, dos xogos electrónicos, do cinema, da publicidade, de Internet etc. Ese mesmo desenvolvemento tecnolóxico abriu, pola súa vez, novas canles para a interpretación e a creación musical, tanto de músicos profesionais coma de calquera persoa interesada en facer música.

A música contribúe activamente no desenvolvemento cognitivo, emocional e psicomotor do alumnado. Na súa vertente cognitiva, a atención, a percepción, a memoria, a análise, os elementos propios da linguaxe musical e a contextualización das producións musicais, xuntamente co traballo da parte máis física relacionada coa práctica vocal e instrumental, o desenvolvemento psicomotriz fino, a mellora da lateralidade, da respiración e da posición corporal son parte inherente do proceso de desenvolvemento da sensibilidade emocional, da empatía, do respecto cara á diversidade cultural, que se traballa a través da escoita activa, da creación e da interpretación musical.

Ademais, a materia de Música contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a perseveranza, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa.

A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, a xestión das emocións, o fortalecemento da autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias e, ademais, contribúe a un ensino integral e axuda na maduración do alumnado.

A materia de Música na educación secundaria obrigatoria fundaméntase e constrúese desde a área de Música e Danza na educación primaria. Agora desenvolveranse as capacidades e as competencias adquiridas nos cursos anteriores e afianzaranse os contidos aprendidos previamente polo alumnado.

Na educación secundaria obrigatoria, coa materia de Música preténdense atinxir os seguintes obxectivos: o primeiro, desenvolver a identidade e a recepción cultural; o segundo e o terceiro contribuír á autoexpresión a través da creación e da interpretación; o cuarto céntrase na produción artística e un quinto obxectivo focalízase especificamente no patrimonio musical e dancístico da Comunidade Autónoma de Galicia. O logro destes cinco obxectivos debe realizarse a partir dunha aprendizaxe baseada na práctica que lle permita ao alumnado experimentar a música e mais a danza.

Os criterios de avaliación da materia fórmulanse como ferramentas para medir o nivel de adquisición das competencias atendendo aos seus compoñentes cognitivo, procedemental e actitudinal.

Pola súa parte, os contidos articúlanse en tres bloques e integran os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para a consecución dos obxectivos da materia.

Baixo a epígrafe «Escoita e percepción» englábanse aqueles criterios de avaliación e aqueles contidos que se consideraron indispensables para desenvolver o concepto de identidade cultural, a través da exposición a diferentes propostas audiovisuais que permitan o achegamento do patrimonio musical e dancístico como fonte de inspiración e coñecemento das posibilidades da arte e como medio de expresión de sentimentos e emocións.

O bloque de «Interpretación, improvisación e creación escénica» pretende a aprendizaxe de conceptos clave da linguaxe musical desde o entendemento da aula como un espazo dinámico no que o alumnado se sinta cómodo expresando as súas ideas, tanto a través da utilización meditada do seu corpo e dos instrumentos musicais, coma do uso libre de distintas linguaxes. O traballo baseado en proxectos grupais posibilitará descubrir a importancia de actitudes tales como a tolerancia e o respecto, a responsabilidade e o compromiso, así como a valoración da perseveranza necesaria para o dominio técnico de calquera instrumento. Este bloque de criterios de avaliación e contidos favorece no alumnado a posibilidade de sentir e de aprender a música a través da experiencia de ser músico.

Por último, baixo a denominación de «Contextos e culturas», preténdese unha aproximación aos diferentes xéneros e estilos musicais máis representativos do patrimonio musical. Con isto propónse un achegamento de maneira global e ordenada ás diferentes manifestacións musicais producidas ao longo da historia, tanto por mulleres coma por homes,

e que ofrezca unha visión da importancia da arte como medio de expresión. O desenvolvemento competencial da materia focaliza a adquisición dos contidos partindo dunha aprendizaxe baseada na práctica e no desenvolvemento de habilidades que lle permitan ao alumnado vivir a experiencia da música e da danza a través da interpretación, da creación e desde a escoita activa de diferentes propostas artísticas. En virtude de mellorar as capacidades do alumnado, deseñaranse diferentes situacións de aprendizaxe que conteñan os contidos e que, desde unha visión global, permitan a aplicación dos coñecementos adquiridos previamente. A conexión con outras materias é, a priori, máis directa coa de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, por compartir ambas as competencias de índole artística. Con todo, é posible establecer vinculacións co resto das materias do currículo, como por exemplo a relación matemática que subxace nas relacións rítmicas e estruturais, as calidades físicas do son, a relación entre a linguaxe e a música, a simbiose do texto e o idioma coas melodías ou a necesidade de coñecer a historia para entender o porqué das diferentes expresións musicais e dancísticas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva.	1			2	1-3	1	3	3
OBX3 - Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal.	1			2	1-3	1	1	3
OBX4 - Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	1		3	2	3	1	1-3	3-4
OBX5 - Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización.	1-2	2-3		1	1-3	1	3	1-2-3

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os elementos da música	A música non só é emoción. É unha arte complexa e estruturada que ten unha teoría que explica os elementos que a conforman:	15	8	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os elementos da música	melodía, ritmo, armonía, timbre, textura, forma... A historia da música está dividida en diferentes períodos e, cada un destes períodos, identifícase polo seu propio estilo musical característico. A maneira en que se tratan, equilibran, combinan e presentan os elementos básicos da música permítenos identificar o seu estilo. Nesta unidade veremos as diferentes formas nas que se poden presentar eses elementos básicos da música e aprenderemos a recoñecelas.	15	8	X		
2	A escritura musical	A aparición da escritura musical propiciou e condicionou o desenvolvemento da música occidental. Aprenderemos como foi a evolución da escritura musical así como os diferentes tipos de partituras existentes, familiarizándonos con elas. Aprenderemos a valorar a importancia desta linguaxe universal que nos permite compartir a música entre diferentes lugares de todo o mundo..	5	4	X		
3	Antigüidade e Idade Media	Estudo da música occidental desde o período homérico ata finais do século XIV, tomando en consideración os principais fitos constitutivos ¿estructural, estilística e funcionalmente¿ do feito musical neste lapso de tempo.	10	8	X		
4	Renacemento	O Renacemento é un movemento cultural nacido en Italia no século XV. Rapidamente alcanzou case toda Europa durante os séculos XV e XVI. Estaba baseado en recuperar os valores grecolatinos. Dentro da arte renacentista, a música sufriu importantes cambios nas súas características.	10	8	X		
5	Barroco	Durante o Barroco apareceron algunhas das máis importantes formas musicais da historia musical como son a sonata, o concerto ou a xa mencionada ópera, ademais de dar lugar a músicos barrocos considerados moitos deles como os máis destacados da historia da música clásica, como veremos máis adiante. Doutra banda, cabe destacar que o barroco non só tivo influencia no ámbito musical, senón no resto de campos artísticos como a literatura, a pintura, a arquitectura, a escultura, o teatro, etc	15	8		X	
6	Clasicismo	O século XVIII foi un século de soterradas transformacións sociais. Baixo o controlado inmovilismo imposto polos réximes absolutistas europeos -baseados nunha desigual repartición de obrigacións e	15	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Clasicismo	<p>privilexios entre a nobreza, o clero e o terceiro estado; a sociedade experimentou o irresistible ascenso dunhas clases medias urbanas portadoras de novos valores e ideas baseados na razón, o mérito e a xustiza.</p> <p>A burguesía non foi só o principal motor do movemento ilustrado, os avances científicos ou a secularización da sociedade durante o século das luces, senón que desenvolveu novos códigos culturais que exerceron unha decisiva influencia na evolución dos estilos musicais e que a historiografía musical englobou dentro do concepto Clasicismo. Nesta unidade repasaremos a consolidación do estilo Clásico en relación con tres ámbitos socio-musicais: A música de cámara, as sociedades filarmónicas, e a ópera popular.</p>	15	8		X	
7	Romanticismo	<p>A medida que a humanidade avanza na historia, os seus acontecementos bríndannos revelacións, puntos de reflexión, aprendizaxes que adquirimos ao interpretar o que nos sucedeu como sociedade e como individuos. A arte é un produto que reflicte os sentimentos e pensamentos de cada época e é por iso que podemos aprender moito da historia ao analizar os seus puntos de importancia e expresión. Nesta unidade, aprenderemos achega do romanticismo musical e as súas características.</p>	15	8		X	
8	Século XX	<p>A música, cuxos recursos tradicionais foran explotados ata a saciedade polos autores románticos, busca abrirse novos camiños e romper co pasado. Gran cantidade de estilos vangardistas musicais iranse xustapoñendo no transcurso do século en busca da novidade e a experimentación, a través dun cambio estético que dará lugar ás composicións máis variadas.</p> <p>A aparición de novos xéneros como o jazz ou o rock e os seus derivados arrebatará á música culta o protagonismo, case exclusivo, do que gozara durante séculos. Aos poucos irase convertendo nunha música de minorías, allea ao éxito e aos intereses comerciais. Na segunda metade de século, a chegada da tecnoloxía alterará a forma de compoñer e interpretar a música. Por primeira vez na historia os medios electrónicos e informáticos terán unha función importante dentro do fenómeno musical.</p>	8	8			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Outras músicas	Música de España, Galicia e outras culturas.	7	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os elementos da música	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Comprender e identificar os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais.	PE	75
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Distinguir e empregar os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, claves de sol, fa e do; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).		
CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Empregar un vocabulario axeitado para describir percepcións e coñecementos musicais.		
CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Relacionar as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes.		
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Participar con acerto nas interpretacións propostas para esta unidade.	TI	25
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Amosar interese e actitude respectuosa na escoita das propostas da unidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. - Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade. - Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións. - Principais composicións musicais de cada período histórico.

UD	Título da UD	Duración
2	A escritura musical	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Recoñecer diferentes tipos de partituras, primitivas ou actuais, e distingue os elementos que se utilizan na representación escrita da música.	PE	55
CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Compende e analiza a influencia da invención da notación musical no desenvolvemento da música occidental, nos diferentes tipos de agrupacións e na técnica instrumental e vocal.		
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Participar con acerto nas interpretacións propostas para esta unidade.	TI	45
CA2.7 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais.	Coñecer algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías na edición de partituras e utilizar con autonomía fontes e procedementos apropiados para elaborar partituras con calidade e rigor.		
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Amosar interese e actitude respectuosa na escoita das propostas da unidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores e editores de partituras. - Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións. - Principais composicións musicais de cada período histórico.

UD	Título da UD	Duración
3	Antigüidade e Idade Media	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época traballada.	PE	75
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Identificar os feitos históricos que inflúen nas manifestacións musicais.		
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Distinguir e empregar os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (notas, claves de sol, fa e do; figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo...); identificar tipos de armonía, textura e/ou forma musical propios deste período histórico.		
CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Empregar un vocabulario axeitado para describir percepcións e coñecementos musicais relacionados cos obras do período estudado.		
CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época traballada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Recoñecer as características principais do período.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Practicar as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao director e demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.		
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Participar con acerto nas interpretacións propostas para esta unidade.	TI	25
CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	Identificar os feitos históricos e culturais que inflúen nas manifestacións musicais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - A partitura. Identificación e aplicación de graffías, lectura e escritura musical. - Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas. - Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións. - Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia. - Principais composicións musicais de cada período histórico.

UD	Título da UD	Duración
4	Renacemento	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época.	PE	50
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Identificar os feitos históricos e culturais que inflúen nas manifestacións musicais.		
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Distinguir e empregar os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (notas, claves de sol, fa e do; figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo...); identificar tipos de armonía, textura e/ou forma musical propios deste período histórico.		
CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	Recoñecer as funcións da música relacionándoas coas características principais.	TI	50
CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Empregar un vocabulario axeitado para describir percepcións e coñecementos musicais relacionados cos obras do período estudado.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Practicar as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao director e demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.		
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Interpretar as adaptacións das obras propostas deste período.		
CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	Recoñecer as funcións da música relacionándoas coas características principais.		
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Recoñecer as funcións da música relacionándoas coas características principais do momento histórico correspondente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. - Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas. - Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións. - Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia. - Principais composicións musicais de cada período histórico.

UD	Título da UD	Duración
5	Barroco	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época.		
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Recoñecer as funcións da música relacionándoas coas características principais.	PE	65

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Distinguir e empregar os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (notas, claves de sol, fa e do; figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo...); identificar tipos de armonía, textura e/ou forma musical propios deste período histórico.		
CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Empregar un vocabulario axeitado para describir percepcións e coñecementos musicais relacionados cos obras do período estudado.		
CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	Relacionar as características da época proposta coa actualidade.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Practicar as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao director e demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.	TI	35
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Participar con acerto nas interpretacións propostas para esta unidade.		
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Identificar os feitos históricos que inflúen nas manifestacións musicais.		
CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. - Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas. - Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións. - Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia. - Principais composicións musicais de cada período histórico.

UD	Título da UD	Duración
6	Clasicismo	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época.	PE	60
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Recoñecer as funcións da música relacionándoas coas características principais.		
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Distinguir e empregar os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (notas, claves de sol, fa e do; figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo...); identificar tipos de armonía, textura e/ou forma musical propios deste período histórico.		
CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	Recoñecer as funcións da música relacionándoas coas características principais e a época actual.	TI	40
CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Empregar un vocabulario axeitado para describir percepcións e coñecementos musicais relacionados cos obras do período estudado.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Practicar as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao director e demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Participar con acerto nas interpretacións propostas para esta unidade.		
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Amosar interese e actitude respectuosa no visionado ou escoita das porpostas da unidade.		
CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	Establecer vínculos das características máis importantes e os feitos históricos principais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. - Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas. - Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións. - Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia. - Principais composicións musicais de cada período histórico.

UD	Título da UD	Duración
7	Romanticismo	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época.	PE	55
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Establecer vínculos das características máis importantes e os feitos históricos principais.		
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Distinguir e empregar os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (notas, claves de sol, fa e do; figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo...); identificar tipos de armonía, textura e/ou forma musical propios deste período histórico.		
CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	Recoñecer as funcións da música relacionándoas coas características principais.	TI	45
CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Empregar un vocabulario axeitado para describir percepcións e coñecementos musicais relacionados cos obras do período estudado.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Practicar as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao director e demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.		
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Interpretar as adaptacións das obras propostas deste período.		
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Amosar interese e actitude respectuosa na escoita das propostas da unidade.		
CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	Establecer vínculos das características máis importantes e os feitos históricos principais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. - Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas. - Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións. - Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia. - Principais composicións musicais de cada período histórico.

UD	Título da UD	Duración
8	Século XX	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época traballada.	PE	40
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Distinguir e empregar os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (notas, claves de sol, fa e do; figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo...); identificar tipos de armonía, textura e/ou forma musical propios deste período histórico.		
CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Empregar un vocabulario axeitado para describir percepcións e coñecementos musicais relacionados cos obras do período estudado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Establecer vínculos das características máis importantes e os feitos históricos principais.	TI	60
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Practicar as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao director e demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.		
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Participar con acerto nas interpretacións propostas para esta unidade.		
CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	Establecer vínculos entre outras épocas e a actualidade.		
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Amosar unha actitude respectuosa na escoita ou visionado das propostas musicais da unidade.		
CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	Recoñecer as funcións da música relacionándoas coas características principais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. - Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas. - Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia. - Principais composicións musicais de cada período histórico.

UD	Título da UD	Duración
9	Outras músicas	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Establecer vínculos das características máis importantes e os feitos históricos principais.	TI	100
CA1.6 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza do patrimonio galego.		
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Participar con acerto nas interpretacións propostas para esta unidade.		
CA2.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.	Participar con acerto nas propostas para esta unidade.		
CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Establecer vínculos das características máis importantes e os feitos históricos principais.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Practicar as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao director e demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.		
CA2.6 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Interpretar as adaptacións das obras propostas deste período e poñer en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar a súa interpretación ante un público.		
CA2.7 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais.	Desenvolver con creatividade propostas artístico musicais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Participar con acerto nas propostas da unidade.		
CA3.4 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época traballada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza. - Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración. - Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre. - Proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas. - A propiedade intelectual e cultural: formulacións éticas e responsables. Hábitos de consumo musical responsable. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas. - Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores e editores de partituras. - Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia require unha metodoloxía maiormente práctica mesturada coa aprendizaxe teórica. Para traballar a parte práctica e produción musical usaremos metodoloxías cooperativas e colaborativas principalmente, xa que se fará interpretación en conxunto.

Tamén contaremos con metodoloxía de aprendizaxe baseado en proxectos: presentar ao alumnado situacións complexas con vistas a que intenten resolvelas de forma creativa, estimulando a imaxinación, a creatividade e a aplicación das súas propias experiencias.

No tratamento dos contidos teóricos da materia buscarase un aprendizaxe por descubrimento: a base e observar e rexistrar información de forma sistemática. Non se trata de proporcionar directamente os coñecementos, senón de ensinarlles a manexar os que xa saben, para que descubran, coa axuda do profesorado outras cousas.

Ademais do anterior, as directrices metodolóxicas a seguir nesta programación son as seguintes:

- Terase en conta o carácter global da materia, no sentido de que esta área presenta uns bloques de contido con evidentes conexións entre eles. A asimilación dos distintos bloques de contidos, partirá sempre da práctica para logo pasar á teorización, é dicir, a base desta programación é aprender facendo.

- A planificación do ensino faise sempre en base a vivir a experiencia da música a través da interpretación, da creación e da escoita activa de distintas propostas artísticas. Os alicerces fundamentais do ensino da música son a audición e a expresión, e xa que logo a metodoloxía debe dirixirse a desenvolverlas nas súas distintas manifestacións.

- A audición permite o goce da música, facilita a asimilación dos contidos e desenvolve as capacidades perceptivas para aumentar a capacidade de análise e espertar o interese. Estes tres planos da audición deben potenciarse mutuamente para que os coñecementos técnicos melloren a percepción e o goce, e estes, á súa vez, melloren a comprensión e a profundización técnica e analítica. A audición terá un amplo tratamento, acompañando ás explicacións e servindo de apoio en moitas das actividades propostas e na interpretación. E por iso que se tentará crear un ambiente de predisposición e de atención ante a audición, fomentando a escoita atenta e en silencio.

- A interpretación vocal, ao utilizar o instrumento máis inmediato, a voz, permite unha expresión directa e espontánea, e máis imbricada na personalidade de cada alumno ou alumna. É un vehículo idóneo para mellorar a interiorización e a formación auditiva.

- A interpretación instrumental é o eixe vertebrador en torno ao cal organízanse os distintos contidos ao longo deste curso e durante a etapa. Isto é así porque ademais de mellorar as destrezas instrumentais, o alumnado é capaz de interconectar contidos de escoita, creación e improvisación, evolución histórica, linguaxe musical, lecto-escritura, valores... dando continuidade aos ensinos musicais.

- A interpretación corporal, baseada nos lazos entre o movemento corporal e o movemento musical, desenvolve o sentido kinestésico, a través do cal o movemento corporal relaciónase co movemento sonoro, creando imaxes audiomotrices que constitúen un repertorio de percepcións, que permitirá enriquecer a musicalidade do alumnado e favorecer a autoconfianza e a superación de inhibicións. Todas as actividades de interpretación, non só responden ás necesidades expresivas e individuais e actúan como canalizador de emocións, senón tamén responden ao pracer de participar e facer música en grupo, fomentando con iso a autoestima, a autonomía, a responsabilidade e os valores sociais.

- A improvisación, ademais de ser un medio de expresión creativa e de reforzo da autoestima e da iniciativa persoal, convértese nun recurso metodolóxico de gran importancia para explorar os elementos da linguaxe musical e corporal, e reforzar o pensamento creativo xunto coa composición musical.

- A composición, guiada ou libre, é a manifestación última da interiorización dos contidos asimilados correspondentes co nivel. Ademais de servir de canle expresivo e creativo en calquera momento da aprendizaxe, implica reflexión, selección, estruturación e toma de decisións, e todo iso dun xeito lóxico e crítico. Tamén é un vehículo ideal para exercitar a lectura e a escritura musical.

- Os criterios de avaliación están directamente relacionados cos obxectivos propostos, é dicir, superar con éxito os criterios de avaliación amosa o grao de adquisición destes obxectivos por parte do alumnado.

- Diseñaranse diferentes situacións de aprendizaxe que incluírán procedementos diversos para traballar os contidos, e sempre partindo dunha visión global, onde os novos coñecementos aprendidos completen e conecten cos coñecementos previos do alumnado e teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe que coexisten no contexto da aula, así como a atención á diversidade, propoñendo sempre mecanismos de reforzo para as dificultades que se detecten.

- Terase en conta e farase destacable a través dos contidos transversais a importancia da relación entre a materia de Música e outras materias. Aínda que a priori a relación máis directa se dá con Educación Plástica, Visual e Audiovisual, por compartir competencias de índole artística, tamén é posible establecer relacións coas Matemáticas, por exemplo a través das proporcións do ritmo, da estrutura musical, das calidades físicas do son; coas linguas, a través da simbiose entre texto, idioma e melodía; coa Historia para entender os contextos de creación das diferentes

obras e expresións musicais universais e coa Tecnoloxía, a través do manexo de diferentes ferramentas dixitais para escribir, manipular o son e compoñer etc.

- Promoverase nas distintas unidades o traballo en equipo e a capacidade emprendedora, dada a natureza grupal e creativa desta materia, realizando proxectos colaborativos entre o alumnado, onde se poidan aplicar técnicas de reforzo da autoestima, da autonomía, da reflexión e da meditación sobre o grao de responsabilidade de cada un no conxunto do proxecto.
- Utilizaranse distintos tipos de actividades segundo a natureza das unidades: actividades introductorias ou de presentación dos contidos para descubrir os coñecementos previos do alumnado, actividades de motivación ou descubrimento, de desenvolvemento e consolidación, de avaliación, de reforzo e recuperación e de ampliación dos contidos nos casos que sexa necesario.
- Faranse tamén actividades de búsqueda de información sobre temas ou aspectos concretos que teñan relación co currículo. Deste xeito, o alumno aprenderá a extraer a información necesaria, manexar diferentes fontes e acudir ás máis axeitadas en cada caso. Daráselle tamén un espazo á lectura, de acordo co proxecto lector.
- Tamén o alumnado fará uso das novas tecnoloxías mediante o ordenador da aula e o canón proxector, así como nas aulas dotadas de ordenadores para o alumnado, incluído o proxecto Abalar, empregando o software axeitado. Priorizarase o uso da Aula Virtual do centro para compartir apuntamentos, propor exercicios e mesmo facer algunhas probas, facilitando a adquisición por parte do alumnado de destrezas relacionados co seu uso.
- Por último destacar os principios metodolóxicos nos que se basea esta programación como son a práctica e a motivación, a interrelación entre contidos e materias, a aprendizaxe significativa e funcional, a creatividade, a atención personalizada, a actitude analítica e a socialización.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos dotación de aula
Dotación de tecnoloxía musical e sonora
Aula virtual
Programa de edición de partituras e audio
Materiais do Repositorio Abalar
Programa edición de audio

Instrumentos habituais das dotacións de aula: Orff, pequena percusión, frutas, piano dixital, guitarra clásica.
 Dotación de tecnoloxía musical e sonora: metrónomos mecánicos e dixitais, gravador dixital, micrófono de condensador, mesa de mesturas, monitores activos, auriculares, ordenador con lector de DVD e conexión a internet, canón proxector.

Aula virtual: todos os recusos e actividades que pon á disposición a aula virtual do centro.

Programas de edición de partituras e audio: Musescore, Audacity.

Material do Repositorio Abalar que se pode descargar e utilizar na Aula Virtual.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A Avaliación inicial no 3º curso de ESO terá por obxecto averiguar os coñecementos musicais e dancísticos previos que aprendeu e lembra o alumnado do curso anterior.

Haberá unha avaliación inicial nas primeiras semanas do curso, baseada en probas escritas e exercicios prácticos e na observación directa do alumnado durante a realización das actividades propostas, buscando un diagnóstico individualizado do alumnado, pero tamén un diagnóstico do grupo. Particularmente importante será identificar aos alumnos e alumnas que necesitan un maior seguemento ou unha personalización nas estratexias a seguir no seu

proceso de aprendizaxe. Algunhas das actividades propostas serán:

1. Realizaranse exercicios en formación orquestral de interpretación melódica con acompañamento harmónico. Esta actividade será realizada por imitación. Utilizaremos para iso as placas, a pequena percusión ou obxectos de son, ou outro instrumento que consideremos idóneo. Con esta tarefa comprobaremos as destrezas motrices aplicadas á rítmica, á memoria harmónica e melódica, ao sentido do pulso ou á capacidade de escoita para adecuarse ao conxunto.

2. Realizaranse exercicios de lectura rítmica e melódica, e interpretación de pequenas partituras (4/8 compases). Con esta actividade avaliaremos o grao de interiorización rítmico-melódico e a capacidade de interpretación dos códigos da linguaxe musical. Para a interpretación usaranse os instrumentos de placas ou a frauta doce.

3. Proba escrita de análise de partitura (8 compases). O alumnado identificará e describirá todos os símbolos que recoñece nela e realizará unha análise melódico-rítmica da mesma

4. Proba escrita de respostas breves dos contidos básicos da música en relación á linguaxe musical e á historia da música.

Para avaliar as actividades prácticas usaremos táboas de indicadores específicas con diferentes items que reflictan as capacidades psicomotrices, rítmicas, auditivas e interpretativas do alumnado. As probas prácticas daranos a información dos coñecementos teóricos do alumnado.

Haberá ademais unha avaliación inicial para cada unidade didáctica. Usarase un texto breve e/ou unha serie de preguntas para establecer un pequeno debate que permita entrever os coñecementos que ten o alumnado e as súas experiencias ao respecto. As conclusións que se obteñan permitirán orientar o proceso que se debe seguir e adecualo aos alumnos que o requiran.

Os resultados destas avaliacións iniciais xunto coa avaliación da propia programación serán peza clave na posible reconsideración do proceso educativo, coas pertinentes modificacións e introducción de estratexias para que os alumnos superen as dificultades detectadas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	5	10	10	15	15	15	8	7	100
Proba escrita	75	55	75	50	65	60	55	40	0	57
Táboa de indicadores	25	45	25	50	35	40	45	60	100	43

Criterios de cualificación:

Os resultados da avaliación dos alumnos expresaranse nos seguintes termos: Insuficiente (IN), Suficiente (SU), Ben (B), Notable (NT) e Sobresaínte (SB), dos que se considerará calificación negativa a de Insuficiente e positivas todas as demais. Irán acompañadas dunha cualificación numérica, sen empregar decimais, (aplicaranse as normas de redondeo) nunha escala de un a dez, e aplicaranse neste caso as seguintes correspondencias: Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4; Suficiente, 5; Ben, 6; Notable, 7 ou 8; Sobresaínte 9 ou 10.

En particular, os criterios de cualificación para a materia de Música son os seguintes:

1ª Avaliación
 Probas escritas 65 %
 Interpretación 25 %
 Traballos 10 %

2ª Avaliación
 Probas escritas 60 %

Interpretación 25 %
Traballos 15 %

3ª Avaliación
Probas escritas 25 %
Interpretación 45 %
Traballos 30 %

O aprobado da materia acádase cunha puntuación mínima de 5.

A avaliación final será o resultado da aplicación das seguintes porcentaxes dos tres trimestres:

- 1º Trimestre: 40%
- 2º Trimestre: 45%
- 3º Trimestre: 15%

Considerarase que un alumno ou unha alumna superou a materia no curso ordinario cando a nota media calculada seguindo a táboa anterior sexa igual ou superior a 5.

Criterios de recuperación:

Ao longo do curso realizaranse recuperacións dos diferentes bloques suspendidos. Así e todo, reservaranse as dúas últimas semanas do curso para que, aquel alumnado que, analizada a súa traxectoria durante o curso, non pareza poder acadar o aprobado, poida realizar actividades e probas de recuperación de aquelas partes non superadas ata entón. Por este motivo, realizarase un informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación e no que quedarán claramente determinados aqueles bloques de contido obxecto de recuperación por parte de cada alumno ou alumna e as actividades e probas de recuperación a realizar. Esta información será trasladada, ademais de a cada alumno ou alumna, ás familias a través da ferramenta abalarMóbil.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Se se pasa a 4º curso coa materia de 3º pendente seguirase o procedemento de recuperación trimestral ou anual a acordar co alumnado. Cada alumno ou alumna coa materia pendente terá un plan de recuperación da materia pendente que será comunicado á súa familia ao inicio do curso e nel incluírase información sobre o currículo a desenvolver, as estratexias metodolóxicas empregadas ou as tarefas e probas a realizar e a súa temporalización.

O xefe do departamento convocará ao alumnado coa materia pendente para entregarlles os plans de traballo e facerlle as indicacións pertinentes e sinalar os prazos de entrega dos traballos e as datas de realización das diferentes probas ao longo do curso. Para este efecto poderanse usar as sesións dos recreos, nas que, de xeito regular, tamén se fará un seguimento do ritmo de traballo dos alumnos e das alumnas.

Empregarase ademais a aula virtual do centro. Deste xeito pretendemos minimizar a dificultade engadida de que non se contemplan horas presenciais de adicación á recuperación das materias pendentes. Así, os alumnos e as alumnas e as súas familias poderán recibir información constantemente actualizada do seu progreso ao tempo que o profesor poderá recoller os traballos, dúbidas, suxestións, etc. dos alumnos segundo se vaian producindo. Ao mesmo tempo, poderá clarificar dúbidas tanto de xeito particular como para o grupo en xeral e propor actividades alternativas para aqueles alumnos con máis dificultades. Cada alumno poderá establecer o seu propio ritmo conforme ás súas propias circunstancias, dentro dos límites marcados polo departamento. En calquera caso, esta ferramenta nunca substituirá a labor presencial do profesorado, senón que servirá de complemento.

Ademais das probas, que se farán de maneira secuencial ao longo do curso, os alumnos coa área de Música pendente terán dereito a realizar unha proba final da materia. O alumnado será avaliado nunha sesión ordinaria no mes de maio ou xuño. Aqueles que non superen a materia pendente nesta avaliación, terán dereito a relizar outra proba final no mes de xuño.

Buscarase que o alumnado traballe ao seu ritmo, pero sen olvidar que este traballo pode interferir coas materias do curso ao que pertence. É por isto que o departamento observará certa flexibilidade en canto as datas de entrega de traballos pero tendo sempre presente o obxectivo de conseguir que o alumnado supere a materia o antes posible.

Naqueles casos que se necesite, establecerase dacordo co departamento de orientación, un plan de reforzo e adaptación aos casos de necesidades específicas de apoio educativo e atención á diversidade, adaptando os contidos, os exames e incluso o tempo dado para resolver ditas probas segundo cada caso concreto, e establecendo un recreo cada semana para solventar dúbidas e axudar a preparar a parte práctica instrumental e vocal.

6. Medidas de atención á diversidade

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio adecuado a este alumnado é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervéñen na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.

Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas ofrecendo entre outros, programas de reforzo ademais de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, coa fin de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da asignatura cóstalles máis seguir.
5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo algún recreo a semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.

Nesta programación tense planificada a actividade docente incorporando recursos e estratexias que, de forma anticipada ou preventiva, asumen as diferencias no interior de cada grupo de alumnos, posto que é no contexto do grupo-clase onde adquire o seu significado pleno o principio de atención á diversidade. Especialmente importante no diagnóstico destas diferenzas é a avaliación inicial: permitíranos identificar aos alumnos e alumnas que precisan dun maior seguemento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe e, xunto co asesoramento do Departamento de Orientación, establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar e os recursos que se van empregar.

É preciso distinguir os contidos fundamentais ou básicos daqueles que complementan ou amplían determinados coñecementos, de tal xeito que a aprendizaxe deses mínimos básicos quede asegurada para o conxunto dos alumnos, sen necesidade de que todos eles teñan que lograr as mesmas aprendizaxes, co mesmo ritmo e no mesmo grao para todo tipo de contidos.

En relación coas estratexias didácticas, plantexaranse distintos tipos de actividades que permitan acceder aos contidos de cada unidade didáctica ofrecendo posibilidades ou camiños diferentes, así como o uso de materiais didácticos non uniformes, é dicir, máis ou menos complexos, máis ou menos vencellados os aspectos prácticos cos contidos correspondentes, etc. Do mesmo xeito, plantexaranse formas de agrupamento dos alumnos que combinen o traballo individual co traballo en pequenos grupos e con actividades de toda a clase en conxunto. Ademais, as actividades propostas irán medrando en dificultade de modo paulatino, dende niveis iniciais cara a niveis medio ou avanzado.

Particularmente importante para lograr éxito nesta atención á diversidade na nosa área é coidar a selección de audicións e pezas a interpretar. O repertorio debe ser variado, dando cabida así ás diferentes preferencias e gustos do alumnado, pero presentando ademais diferentes graos de dificultade. Pero ademais, os exercicios de práctica musical posibilitan o engado de liñas melódicas e rítmicas de acompañamento de diferente dificultade: esto permite unha interpretación adaptada a cada grupo e, á súa vez, unha distribución dentro da práctica en conxunto de papeis adaptados ás habilidades individuais do alumnado.

Por último, o departamento empregará rúbricas que nos permitan avaliar o tratamento da diversidade, tanto a nivel individual como a nivel grupal, para así axustar as medidas xerais de grupo e as medidas individuais conforme se desenvolve o proceso educativo. Nestas rúbricas observaránse aspectos como a atención e a motivación, a comprensión, a expresión e a comunicación, a resolución de problemas ou o grao de autonomía.

De seren necesarias adaptacións do currículo para algúns alumnos ou alumnas, estas serán deseñadas, unha vez analizadas as súas necesidades, coa colaboración do Departamento de Orientación, durante as primeiras semanas do curso.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Creatividade: composición de exercicios e pezas propias de percusión corporal, uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación...			X	X	X	X	X	X
ET.2 - Autonomía: actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal.			X	X	X	X	X	X
ET.3 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial: actividades que implican creación de proxectos grupais.			X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre sexos: utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.			X	X	X	X	X	X
ET.5 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico: comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable.			X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.6 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores: actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto.			X	X	X	X	X	X
ET.7 - Expresión oral e escrita: redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral.			X	X	X	X	X	X
ET.8 - Competencia dixital e comunicación audiovisual: creación de músicas con ferramentas dixitais e de eventos musicais que engloben non so música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen; tamén mediante ferramentas dixitais non musicais con actividades vertebradas a través da aula virtual.			X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación ambiental: a través do estudo da contaminación sonora, o coidado pola produción excesiva de sons e a atención ao silencio como marco imprescindible na execución musical.			X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a saúde: práctica musical vocal implica o coñecemento da voz e a hixiene vocal, promovendo a adopción de hábitos saudables. A práctica instrumental axuda na consecución dunha posición e ton muscular equilibrados, o que tamén se obtén a través do movemento e a danza, e inciden nunha mellora da coordinación motriz e do equilibrio anímico dos alumnos.			X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Creatividade: composición de exercicios e pezas propias de percusión corporal, uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación...	X
ET.2 - Autonomía: actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal.	X
ET.3 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial: actividades que implican creación de proxectos grupais.	X
ET.4 - Igualdade entre sexos: utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.	X
ET.5 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico: comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable.	X
ET.6 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores: actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto.	X
ET.7 - Expresión oral e escrita: redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral.	X

	UD 9
ET.8 - Competencia dixital e comunicación audiovisual: creación de músicas con ferramentas dixitais e de eventos musicais que engloben non so música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen; tamén mediante ferramentas dixitais non musicais con actividades vertebradas a través da aula virtual.	X
ET.9 - Educación ambiental: a través do estudo da contaminación sonora, o coidado pola produción excesiva de sons e a atención ao silencio como marco imprescindible na execución musical.	X
ET.10 - Educación para a saúde: práctica musical vocal implica o coñecemento da voz e a hixiene vocal, promovendo a adopción de hábitos saudables. A práctica instrumental axuda na consecución dunha posición e ton muscular equilibrados, o que tamén se obtén a través do movemento e a danza, e inciden nunha mellora da coordinación motriz e do equilibrio anímico dos alumnos.	X

Observacións:

- Creatividade: composición de exercicios e pezas propias de percusión corporal, uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación...
- Autonomía: actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal.
- Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial: actividades que implican creación de proxectos grupais.
- Igualdade entre sexos: utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.
- Consumo responsable: comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable.
- Respecto mutuo: educación emocional e en valores: actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto. As actividades que se asoman a outras culturas supoñen, por un lado, a comprensión das diferentes culturas, e por outro, a asunción de criterios para diferenciar a nosa cultura das outras, promovendo a valoración do noso patrimonio cultural. Existen moitas cancións que tratan a liberdade, a xustiza, a igualdade ou a paz nas súas letras. Por outra banda, hai moitas outras que son resultado do fenómeno do mestizaxe musical, expoñente claro do valor da música como linguaxe universal.
- Expresión oral e escrita: redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral.
- Competencia dixital e comunicación audiovisual: creación de músicas con ferramentas dixitais e de eventos musicais que engloben non so música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen; tamén mediante ferramentas dixitais non musicais con actividades vertebradas a través da aula virtual.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Asistencia como público a un concerto didáctico	Propiciarase a asistencia do grupo a un concerto didáctico, para poñer en práctica as normas de comportamento aprendidas na clase, así como vivir a experiencia de escoitar música en directo.
Colaboracións musicais en celebracións sinaladas no calendario escolar	O alumnado colaborará con achegas musicais nas celebracións sinaladas no calendario escolar: día internacional contra a violencia de xénero, día escolar da non violencia e a paz, día de Rosalía de Castro, día internacional da muller, semana das Letras Galegas...

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Ben ou acadado
Mal ou non acadado
Regular ou mellorable

Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralas, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformala. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario ou unha entrevista con cada alumno a final e curso. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a corrección da temporalización. e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son útiles e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
- Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: coñecen os obxectivos propostos, o repertorio e actividades parécenlles adecuados, coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.
- Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avalíaranse mediante os indicadores ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación desta e propostas de melloras utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente", valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha con preguntas a cubrir polo alumnado e entrevista persoal co alumnado.

A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento farase trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

9. Outros apartados